

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

A Constitución española refírese, a través dos artigos 49 e 50, a un sistema de servizos sociais promovido polos poderes públicos, que permita garantir a protección e atención particulares que necesitan colectivos como o das persoas maiores ou as persoas con discapacidade.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia supuxo un avance importante de cara á atención que as administracións públicas prestan ás persoas que se atopan nunhas condicións de especial vulnerabilidade, necesitadas de apoios, ben para promover a súa autonomía persoal ben para dar resposta axeitada ao seu problema de dependencia.

Ese sistema, que evolucionou e acadou unha importante transformación desde que a Constitución española foi promulgada en 1978, debe seguir adaptándose ás necesidades de cada momento a fin de que as accións que veñen desenvolvendo os poderes públicos, neste campo, se configuren como eficaces instrumentos de atención. Concretamente, a Lei 39/2006 nace coa finalidade de sentar as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as administracións públicas. Trátase dun nivel mínimo de protección que as comunidades autónomas complementan de modo importante e no que asumen un relevante papel.

Particularmente, o artigo 11 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, atribúe ás comunidades autónomas a planificación, a ordenación e a coordinación, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como a xestión dos recursos necesarios para iso.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude, se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



Así mesmo, mediante Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, régulase o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

No artigo 3 do citado decreto defínese o catálogo de servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, catálogo que parece concibir determinados servizos, desde a perspectiva práctica da súa prestación, como unicamente dirixidos a dous grandes colectivos, persoas maiores e persoas con discapacidade, sen ter en conta a existencia de casos de dependencia que non poden encadrarse en ningún deles e que se atopan nunha situación de baleiro asistencial. En consecuencia, é preciso configurar unha carteira que defina os servizos sociais de promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia de xeito amplo e centrándose na especialización, por colectivos de dependencia, a fin de acadar unha atención máis centrada nas necesidades da persoa tendo en conta o seu grao de dependencia. Polo tanto, esta norma constitúe un desenvolvemento especializado da mesma relación xenérica de servizos que figuran no artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, así como do artigo 3 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, de tal xeito que a través da configuración das diferentes modalidades dun mesmo servizo se poida dar mellor resposta á necesidade de atención que requira cada persoa atendendo á diagnose que está detrás da súa situación de dependencia.

Así mesmo, o escenario normativo en materia de dependencia inclúe os acordos adoptados no marco do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, no que atinxe á asignación de servizos e prestacións que corresponden a cada grao de dependencia, tendo ademais en conta o calendario de entrada en vigor do dereito de acceso a tales servizos e prestacións que constitúen o nivel acordado de protección do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, concretamente o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, o Real decreto 175/2011, do 11 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, e o Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores en situación de dependencia. A partir de aquí, a Comunidade Autónoma de Galicia busca a posta en marcha de novos servizos desde a perspectiva da atención integral, a profesionalización, o respecto, autonomía e participación da persoa nas actividades e funcionamento do servizo, ao tempo que tamén se pretende a optimización dos recursos xa existentes, na medida en que moitos deles poderían desenvolver



novas prestacións e unha atención moito máis ampla da que o actual marco normativo lles permite; todo iso co fin de mellorar, cualitativa e cuantitativamente a atención ás persoas dependentes.

A presente norma aborda dentro do seu título I o obxecto e ámbito de aplicación da presente norma, tendo en conta que este se estende tanto ás entidades prestadoras de servizos como aos seus usuarios.

O título II regula especificamente tres carteiras de servizos: a carteira de servizos comúns, a carteira de servizos específicos e a carteira do asistente persoal, sendo esta última unha das grandes novidades desta norma ao adquirir esta figura a condición de servizo dentro do sistema. Dentro destas tres carteiras agrúpanse, pola súa vez, distintas categorías de servizos en función do perfil e necesidades de atención dos seus destinatarios.

Así mesmo, este título regula o réxime de autorización e acreditación dos servizos así como as distintas modalidades e prestacións que constitúen o seu contido.

No que atinxe ao réxime de autorización, a norma establece no seu artigo sexto a regra da necesaria autorización da prestación dos servizos polas entidades que así o soliciten, agás os servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal que unicamente requirirán a súa inscrición previa no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Polo que respecta á acreditación dos servizos regulados neste decreto, queda configurada co carácter de potestativa salvo que a súa prestación se realice con carácter de servizo público.

O título II tamén regula as distintas modalidades e prestacións da carteira de servizos sociais detallados no anexo II desta norma.

O título III regula dentro dos seus capítulos I a IV as previsións establecidas tanto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, como na Lei 13/2008, do 3 de decembro, que apelan á contribución financeira das persoas usuarias dos servizos no seu custo e precisan do establecemento dos criterios para esa participación financeira.

Na medida en que se pretende reconfigurar a atención ás persoas dependentes sobre a base da prestación dos servizos que requira a específica situación de dependencia en que se atopan, faise preciso que os criterios desa participación económica se establezan do mesmo xeito, de tal modo que as persoas usuarias contribúan tamén na medida da intensidade dos servizos recibidos.



Finalmente, os capítulos V e VI do título III desenvolven a previsión legislativa da participación financeira das persoas usuarias dos servizos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, que vén establecida polos artigos 52.c) e 56 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, así como no artigo 47 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, reguladora de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo como fórmula para o seu desenvolvemento o decreto por proposta de consellería de que dependa o órgano ou a entidade oferente.

Na actualidade, o Decreto 123/1985 regulaba a participación das persoas usuarias no custo dos servizos na Comunidade Autónoma de Galicia, e faise preciso adaptalos á nova realidade existente.

A publicación do Decreto 15/2010 xa incluíu esta previsión na súa disposición transitoria terceira, polo que é necesario o desenvolvemento dos criterios aplicables para a participación da persoa usuaria no custo dos servizos para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, a publicación da Resolución do 13 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade pola que se publica o Acordo do Consello territorial do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, para a mellora do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, fai necesario o desenvolvemento, na Comunidade Autónoma de Galicia, dos criterios de participación da persoa usuaria no custo dos servizos.

Na virtude do exposto anteriormente, e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, de conformidade coa Lei 9/1995, do 10 de novembro, que regula o alto órgano consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día cinco de setembro de dous mil trece,

DISPOÑO:

TÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Constitúe o obxecto da presente norma:

1. A definición da carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.



2. A determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, cando estes sexan prestados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar ou ben, no caso do servizo de axuda no fogar de titularidade municipal, cando este sexa prestado pola Administración local. A participación no financiamento poderá exixirse tanto cando os servizos sexan xestionados directamente, como de xeito indirecto a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público, particularmente mediante a modalidade de concerto. Para a participación no financiamento do resto dos servizos comunitarios específicos aplicarase o disposto polo Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Artigo 2. Definición da carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia

1. A carteira de servizos sociais constitúe o instrumento mediante o cal se relacionan as modalidades e prestacións que integran o contido dos servizos previstos no catálogo regulado polo artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

2. As modalidades e prestacións que constitúen o contido dos servizos que forman parte da carteira son os que se enumeran no anexo II. Todas as prestacións teñen carácter básico, sendo en consecuencia de obrigado cumprimento, agás que se indique expresamente o seu carácter opcional.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. As disposicións contidas no título II deste decreto serán de aplicación a todas as entidades, públicas ou privadas, recoñecidas polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma para a prestación dos servizos de promoción da autonomía e atención ás situacións de dependencia e ás persoas usuarias destes servizos.

2. As disposicións contidas no título III serán aplicables, tanto a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar, de acordo co sinalado no artigo 1, como ás persoas usuarias, nos termos e de conformidade coa regulación contida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como no De-



creto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Sen prexuízo do anterior, as previsións contidas no artigo 9.2 e nos capítulos V e VI, do título III só serán de aplicación a aquelas persoas usuarias de servizos prestados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Artigo 4. *Infraccións e sancións*

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e nos títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para o exercicio da potestade sancionadora en materia dos prezos públicos será de aplicación o réxime establecido polo artigo 6.bis da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO II

Servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia

Artigo 5. *Servizos incluídos na carteira*

1. A carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia está integrada por:

- a) A carteira de servizos comúns.
- b) A carteira de servizos específicos.
- c) A carteira do servizo de asistente persoal.

2. Forman parte da carteira de servizos comúns os servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, dirixidos a persoas cuxo diagnóstico non requira a asignación de servizos que, sendo da mesma natureza, estean incluídos en calquera das carteiras específicas. Intégranse nesta carteira:

a) Os servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal. Estes servizos poderán asignarse individualmente ou como complemento doutros



servizos da carteira de servizos común ou das carteiras específicas, coas limitacións que en materia de incompatibilidades establece a Lei 39/2006. Así mesmo, poderán configurar os plans de prevención que se destinen a persoas que, non estando en situación de dependencia, se atopan en situación ou risco de padecela.

b) O servizo de axuda no fogar, para atención a persoas dependentes, que inclúe unha especialidade no servizo dirixida a persoas con discapacidade auditiva.

c) O servizo de teleasistencia e xeolocalización.

d) Os servizos de atención diúrna, con modalidade básica e terapéutica.

e) Os servizos de atención residencial, con modalidade básica e terapéutica.

f) O servizo de atención nocturna.

Os servizos que forman parte desta carteira poderán prestarse a persoas dependentes con idade igual ou superior a 16 anos, excepto os servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, así como o servizo de axuda no fogar, que se prestarán sempre que sexa necesario, sen limitacións de idade.

Dentro dos servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal, o servizo de atención temperá dirixirase exclusivamente a nenos/as de entre 0 a 6 anos.

3. Forman parte da carteira de servizos específicos todos aqueles dirixidos a persoas dependentes que, tendo idade igual ou superior a 16 anos, teñan diagnosticada algunha das seguintes limitacións: alzhéimer, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista ou enfermidade mental.

Exceptúanse do requisito de idade sinalado e poderán, en consecuencia, ser prestados sempre que sexa preciso, os servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, así como o servizo de axuda no fogar que estean especificamente definidos para estes colectivos.

Intégranse nesta carteira:

a) Carteira de servizos para persoas dependentes con alzhéimer.

Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.



Servizo de axuda no fogar.

Servizo de atención diúrna, con modalidade básica e terapéutica.

Servizo de atención nocturna.

Servizo de atención residencial, con modalidade básica e terapéutica.

b) Carteira de servizos para persoas dependentes con discapacidade física.

Servizo de atención diúrna, modalidades básica, terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional.

Servizo de atención nocturna.

Servizo de atención residencial, modalidades básica, terapéutica e terapéutico-ocupacional.

c) Carteira de servizos para persoas dependentes con parálise cerebral.

Servizo de atención diúrna, modalidades básica, terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional.

Servizo de atención nocturna.

Servizo de atención residencial, modalidades básica, terapéutica e terapéutico-ocupacional.

d) Carteira de servizos para persoas dependentes con dano cerebral.

Servizo de atención diúrna, modalidades básica, terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional.

Servizo de atención nocturna.

Servizo de atención residencial, modalidades básica, terapéutica e terapéutico-ocupacional.



e) Carteira de servizos para persoas dependentes con discapacidade intelectual.

Servizo de atención diúrna, modalidades terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional.

Servizo de atención nocturna.

Servizo de atención residencial, modalidades terapéutica e terapéutico-ocupacional.

f) Carteira de servizos para persoas dependentes con transtorno do espectro autista:

Servizo de atención diúrna, modalidades terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional.

Servizo de atención nocturna.

Servizo de atención residencial, modalidades terapéutica e terapéutico-ocupacional.

g) Carteira de servizos para persoas dependentes con enfermidade mental:

Servizo de axuda no fogar.

Servizo de atención diúrna, modalidades psicosocial, psicosocial-ocupacional e ocupacional.

Servizo de atención nocturna.

Servizo de atención residencial psicosocial, psicosocial-ocupacional.

4. Forman parte da carteira do servizo de asistente persoal os servizos dirixidos a facilitar o apoio persoal, inclusión social e/ou educativa, así como a promoción e participación das persoas que, sendo de idade igual ou superior a 16 anos, se atopan en situación de gran dependencia ou dependencia severa, co obxecto de permitir o seu desenvolvemento nas actividades da vida diaria, laborais e/ou educativas e propiciar a participación da persoa usuaria na vida social e económica.



Artigo 6. Réxime de autorización e acreditación de servizos

1. Os servizos regulados neste decreto serán obxecto de autorización polo órgano que corresponda da consellería con competencias en materia de servizos sociais, sen prexuízo da súa posterior acreditación, de conformidade e cos estándares e criterios de calidade que desenvolva para estes efectos a dita consellería e tendo en conta o procedemento establecido no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

2. Para os efectos do previsto no artigo 68 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como no artigo 20 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais de Galicia, os servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal quedarán autorizados logo da súa inscrición no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

3. A acreditación poderase ter en conta como criterio de solvencia nos procesos de contratación dos servizos de atención á dependencia e promoción da autonomía persoal.

4. A acreditación dos servizos regulados neste decreto será un requisito imprescindible para atender persoas que perciban a libranza vinculada ao servizo.

TÍTULO III**Da participación no custo dos servizos****CAPÍTULO I****Normas de aplicación á participación no custo dos servizos****Artigo 7. Persoas usuarias dos servizos**

Para os efectos da regulación contida nesta norma, no que atinxe á participación no custo dos servizos, consideraranse persoas usuarias as persoas físicas que teñen recoñecido o dereito á utilización dos servizos sociais incluídos na carteira aprobada no anexo I deste decreto e fan uso deles.

Artigo 8. Suposto de feito

Constitúe o suposto de feito que dá lugar á participación no custo dos servizos sociais incluídos no anexo I deste decreto, a disposición destes para a súa recepción ou o seu goce.



Artigo 9. *Suxeito obrigado ao pagamento*

1. Estará obrigada ao pagamento a persoa física usuaria do servizo social correspondente.

2. No caso de prezos públicos da Comunidade Autónoma, as obrigas de pagamento pola participación no custo dos servizos sociais que estivesen pendentes no momento da morte do obrigado ao pagamento, transmitiranse aos herdeiros e legatarios consonte coas normas tributarias.

Artigo 10. *Deivindicación da obriga*

Entenderase realizado o suposto de feito referido no artigo 8 e nacerá por tanto a obriga de satisfacer a participación económica no custo dos servizos nos seguintes momentos:

a) No suposto de prestacións de servizos puntuais no tempo ou de tracto único, a deivindicación da obriga terá lugar no momento da solicitude da prestación do servizo ou no momento do inicio da súa prestación, cando a súa solicitude non sexa precisa. No suposto de que a recorrencia na súa dispensa os converta en servizos de tracto sucesivo, seralles de aplicación o réxime establecido na alínea b) seguinte. Para os anteriores efectos, considerarase recorrente o servizo que se dispense cando menos cinco veces nun mes natural.

b) Para os servizos de tracto sucesivo con execución continuada, periódica ou intermitente ao longo do período de liquidación establecido no artigo 31, a deivindicación terá lugar no momento no que se leve a cabo a prestación dos servizos correspondentes.

Artigo 11. *Réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo dos servizos*

1. Para os servizos que sexan prestados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a participación da persoa usuaria no seu custo, terá a cualificación de prezo público, sendo o seu réxime xurídico o establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e polo Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. Para os servizos que sexan prestados polas administracións locais, o réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, sendo de aplicación o previsto no artigo 58.1.c) do Decreto 99/2012.

3. O réxime xurídico da participación económica da persoa usuaria no custo dos servizos prestados indirectamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o pagamento da participación sexa efectuado directamente polo usuario ao contratista, é o o aplicable aos ingresos de dereito privado. A súa regulación virá establecida na relación contractual que a Administración teña subscrita coa entidade que preste os devanditos servizos.

Artigo 12. *Participación no financiamento do custo dos servizos*

1. O importe que corresponda aboar polos servizos sociais que goce a persoa usuaria, determinarase dun xeito progresivo, segundo o tipo e custo de servizo, en función da capacidade económica da persoa usuaria do dito servizo. Para estes efectos a capacidade económica da persoa usuaria virá determinada polas regras establecidas nos artigos seguintes.

2. Nos servizos de tracto sucesivo cuxa participación no financiamento estea determinada en cómputo mensual e sexan dispensados con intensidades inferiores á máxima, a participación no seu financiamento calcularase ademais proporcionalmente á intensidade gozada.

Artigo 13. *Límites*

En todo caso, a contía que resulte da aplicación dos coeficientes de financiamento pola persoa usuaria que correspondan en cada servizo, estará suxeita aos seguintes límites:

1. En ningún caso a participación económica da persoa usuaria poderá exceder o 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado.

2. Se a capacidade económica da persoa usuaria é inferior a contía anual establecida pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), esta non participará nos custos do servizo de teleasistencia, dos servizos



asistenciais prestados no domicilio da persoa usuaria, nin dos servizos de prevención de situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.

Artigo 14. *Mínimo vital nos servizos de atención residencial*

1. Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 24 % dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

2. En calquera caso, garantirase á persoa usuaria unha dispoñibilidade mínima equivalente ao 19 % do IPREM mensual, en concepto de contía mínima para gastos persoais. Este mínimo incrementarase nun 25 % para as persoas con discapacidade recoñecida en concepto de custos adicionais asociados á discapacidade.

3. Sempre que a persoa usuaria obtivese ingresos iguais ou superiores ao importe íntegro da pensión de xubilación e invalidez da seguridade social na súa modalidade non contributiva, previsto nas leis de orzamentos do Estado, garantiráselle esa contía cando o seu cónxuxe ou persoas ao seu cargo permanecesen na súa vivenda habitual e acreditasen non dispor de recursos económicos superiores a citada contía.

Artigo 15. *Mínimo vital no resto dos servizos*

1. Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49 % dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

2. Garantiráselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653 €, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego. Este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.

CAPÍTULO II Da capacidade económica

Artigo 16. *Reglas para a determinación da capacidade económica*

1. A capacidade económica persoal da persoa usuaria será a correspondente á súa renda, modificada á alza pola suma dun 5 por 100 do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos de idade, un 3 por 100 dos 35 aos 65 anos e dun 1 por 100 aos menores de 35 anos.



2. O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vence na data de presentación da solicitude.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio en que se presente a solicitude.

4. A capacidade económica da persoa usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.

Artigo 17. *Determinación da capacidade económica*

1. Para a determinación da capacidade económica da persoa usuaria, terase en conta a situación económica acreditada polo interesado na documentación presentada para a iniciación do procedemento de recoñecemento do grao da dependencia, consonte o establecido no artigo 21 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro. Para estes efectos se a persoa usuaria se atopa no suposto previsto no artigo 16.3 do presente decreto, a exigencia do requisito de presentación da declaración do imposto da renda das persoas físicas será substituída pola presentación de certificación actualizada das percepcións de pensións, prestacións ou subsidios públicos das cales sexa beneficiaria.

2. A capacidade económica da persoa usuaria será a determinada na resolución do programa individual de atención que, consonte o previsto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, incluíra un pronunciamento expreso sobre a participación do usuario no custo dos servizos.

Artigo 18. *Procedemento para a actualización ou modificación da capacidade económica*

1. A xefatura territorial competente en materia de servizos sociais procederá de oficio durante o primeiro trimestre de cada exercicio a ditar resolución de actualización da capacidade económica e da nova participación no custo do servizo. Para o previsto no artigo 10 do presente decreto, a resolución, que en todo caso debe ser notificada aos interesados, tera efectos económicos desde o 1 de abril.



2. As persoas usuarias que non autorizasen a xefatura territorial para que realice as consultas aos arquivos públicos que consten en poder das distintas administracións públicas para os efectos de obter ou verificar os datos sobre a súa situación económica, no derradeiro trimestre de cada exercicio deberán comunicar á xefatura territorial competente en materia de servizos sociais a variación das circunstancias económicas que serviron para o recoñecemento da súa capacidade económica anterior, e xuntarán a renovación anual da documentación contida nas alíneas m), n) e p) do artigo 21 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, relativa as seguintes certificacións ou declaracións.

a) Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao último período en que finalizase o prazo de presentación, certificado de toda clase de pensións percibidas pola persoa solicitante ou declaración xurada de non percibilas ou alternativamente autorización, á xefatura territorial competente en materia de servizos sociais, para obter os datos necesarios para determinar a renda, para estes efectos, a través das correspondentes administracións tributarias; neste caso o solicitante non estará obrigado a presentar estes documentos.

b) Declaración responsable acerca do patrimonio da persoa solicitante en que se detalle o conxunto das súas titularidades de bens e dereitos de contido económico, de xeito que quede completamente acreditada a súa situación patrimonial.

c) Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao último período en que finalizase o prazo de presentación, certificado de toda clase de pensións percibidas polo cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillo/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade, economicamente a cargo da persoa solicitante, ou declaración xurada de non percibilas ou alternativamente autorización, á administración competente en materia de servizos sociais, para obter os datos necesarios para determinar a renda para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias; neste caso o solicitante non estará obrigado a presentar estes documentos. Así mesmo, deberá presentar declaración responsable do patrimonio das anteriores persoas.

Á vista da documentación presentada, a xefatura territorial procederá a efectuar unha nova valoración e, no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao da presentación da documentación no rexistro do órgano competente en materia de servizos sociais, ditará e notificará resolución de revisión do programa individual de atención que incluírá a actualización da capacidade económica e da participación no custo do servizo que,

CVE-DOG: vyhnhf3-gl3-kyq3-lip4-pzggnceosmu7



para o previsto no artigo 10 do presente decreto, producirá efectos desde o 1 de abril do exercicio seguinte.

3. As persoas usuarias cuxa capacidade económica experimentase modificacións durante o exercicio deberán comunicar á xefatura territorial competente en materia de servizos sociais a variación das circunstancias económicas que serviron para o recoñecemento da súa capacidade económica anterior. Esta comunicación deberá realizarse no prazo dos tres meses seguintes a que as ditas modificacións sucedesen e acreditarase renovando a documentación incluída no número 2 afectada pola variación.

4. Unha vez realizada a nova valoración da capacidade económica e da nova participación no custo do servizo, produto da súa modificación, a persoa titular do xefatura territorial competente en materia de servizos sociais, no prazo de tres meses, ditará resolución de revisión do programa individual de atención que incluírá a nova capacidade económica e participación no custo do servizo producindo efectos, para o previsto no artigo 10 do presente decreto, desde a súa notificación.

5. Contra a resolución pola que se determina a actualización ou modificación da capacidade económica da persoa usuaria, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, recurso de alzada perante a persoa titular da consellería con competencia en materia de servizos sociais.

Artigo 19. *Verificación dos datos achegados*

1. A Administración terá, en todo momento, a facultade de verificar os datos achegados polos interesados. A ocultación ou falsificación de datos ou informacións na documentación referida nos artigos 17 e 18, poderá dar lugar á suspensión ou extinción da prestación do servizo, ademais das responsabilidades de calquera outro tipo en que puidese incurrir a persoa usuaria.

2. No suposto de que se conclúa que os datos achegados, declaracións ou certificacións presenten datos incorrectos ou falseados, a xefatura territorial competente en materia de servizos sociais promoverá o correspondente expediente sancionador, de acordo co previsto no artigo 4 do presente decreto, e comunicarán a obriga do pagamento dos importes que se deben conforme a súa correcta capacidade económica. Os importes que se deben serán requiridos consonte a normativa reguladora prevista para tales efectos no réxime xurídico da entidade prestadora do servizo.

CVE-DOG: vyhnhf3-gl3-kyq3-lip4-pzggneoesmu7



Artigo 20. *Normas de valoración da renda*

1. Para a valoración da renda computaranse, no exercicio fiscal que se vai considerar, a totalidade de ingresos netos da persoa usuaria derivados tanto do traballo coma do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles, segundo os criterios de valoración establecidos pola Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, ou, se é o caso, ás normas fiscais que poidan ser de aplicación.

Cando a persoa usuaria opte por presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas de forma conxunta, ou nos casos de persoa usuaria con cónxuxe en réxime de gananciais ou de participación de bens, a súa renda final virá determinada polo cociente de dividir entre dous a suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella. Para o caso das parellas de feito rexistradas, aplicarase o establecido nos pactos entre as partes que rexan as súas relacións económicas.

Así mesmo, computaranse as rendas derivadas dos seguros privados de dependencia, a que se refire o artigo 51.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

2. Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100 % do custo de referencia do servizo.

Non serán obxecto de cómputo, para os efectos da determinación da capacidade económica da persoa usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, nin as recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3. Cando a persoa usuaria teña persoas ao seu cargo, a súa renda incrementarase no importe das rendas do resto de persoas que dependan economicamente dela e o resultado obtido dividirase entre o número total de persoas.

Non obstante, cando a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito rexistrada que non dependa economicamente dela e sempre que non presentasen de forma conxunta a



declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, no cómputo anterior só se integrarán as rendas da persoa usuaria e das persoas que dependan economicamente dela, e o resultado dividirase entre o número total de persoas, computadas as persoas ao seu cargo a razón de 0,5. No caso de que presentasen a declaración de forma conxunta, o importe total das rendas derivadas da declaración conxunta e máis, de ser o caso, das rendas das persoas ao cargo da parella, dividirase polo número total de persoas.

Artigo 21. *Persoa a cargo da persoa usuaria*

1. Enténdese por persoas a cargo da persoa usuaria, sempre que reúnan as condicións sinaladas no número 2 deste artigo as seguintes:

a) Cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal.

b) Descendentes da persoa usuaria ou persoas vinculadas a ela por razón de tutela e/ou acollemento, menores de vinte e cinco anos ou maiores de tal idade en situación de dependencia ou con discapacidade ou incapacitados xudicialmente sometidos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

c) Ascendentes da persoa usuaria ou do seu cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal, maiores de sesenta e cinco anos ou calquera que sexa a súa idade, sempre que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100.

2. As persoas referidas no punto anterior para seren consideradas persoas a cargo da persoa usuaria deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que as súas rendas anuais, excluídas as exentas, non superen o importe fixado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas para ter dereito á aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes.

b) Que non presentasen declaración polo dito imposto con rendas superiores ao importe sinalado nas normas comúns para a aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

c) Que estean empadroadas no domicilio da persoa usuaria cando menos desde un ano antes da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.

d) Que convivan coa persoa usuaria, como mínimo, 183 días ao ano.



Artigo 22. *Normas de valoración do patrimonio neto*

1. Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da persoa usuaria dos servizos regulados na presente norma, determinado consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder.

Nos supostos de cotitularidade só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa usuaria.

2. Unicamente se computará a vivenda habitual no caso de que a persoa beneficiaria reciba o servizo de atención residencial ou a prestación económica vinculada a tal servizo e non teña persoas ao seu cargo que continúen residindo na devandita vivenda. Neste caso, o valor que se computará será o valor catastral da vivenda ou, na súa falta, o valor escriturado, aplicada a exención que por vivenda habitual estableza, se é o caso, a normativa do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos entenderase por persoas ao seu cargo as conceptualizadas no artigo 21 deste decreto.

3. Computaranse en todo caso as disposicións patrimoniais realizadas pola persoa usuaria nos catro anos anteriores á presentación da solicitude, tanto se son a título oneroso como gratuíto, a favor do cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade ao cónxuxe ou parentes ata o cuarto grao inclusive, nos termos e segundo as normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.

4. Para os efectos da valoración do patrimonio, non se computarán na determinación do patrimonio nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, do que sexa titular a persoa usuaria, mentres persista tal afección. Non obstante, si se computarán na valoración da renda as derivadas de dito patrimonio, que non se integren nel.



CAPÍTULO III

Determinación da participación sobre o custo do servizo

Artigo 23. *Servizos cuxo financiamento se determina mediante aplicación dunha bonificación sobre o custo real do servizo*

1. O sistema de bonificación sobre o custo de referencia do servizo establecido nesta norma, será de aplicación aos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, agás os servizos de respiro familiar e a modalidade regular do servizo de transporte adaptado e asistido, aos servizos de teleasistencia e xeo-localización e á carteira do servizo de asistente persoal.

2. Consistirá na aplicación dunha bonificación sobre o custo real do servizo consonte o tramo de capacidade económica da persoa usuaria.

3. O custo dos servizos fíxase para o ano 2013 nos importes detallados no anexo II deste decreto para cada un deles. Estes importes actualizaranse anualmente consonte a variación interanual do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) no mes de novembro anterior, mediante resolución da secretaría xeral competente en materia de servizos sociais.

CAPÍTULO IV

Determinación da participación sobre a capacidade económica

Artigo 24. *Servizos cuxo financiamento se determina mediante cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria*

1. O sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria será de aplicación á modalidade regular do servizo de transporte adaptado e asistido, aos servizos de respiro familiar, aos servizos de atención residencial, ao servizo de axuda no fogar e aos de atención diúrna e nocturna.

2. Consistirá na porcentaxe da súa capacidade económica que se estableza, para cada un dos servizos descritos no punto anterior, nos tramos indicados nas táboas do anexo II deste decreto.

3. As ausencias mensuais, por causas imputables á persoa usuaria, nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días agás o mes de



vacacións e os supostos previstos nos artigos 27 e 28 da Orde do 2 de xaneiro de 2012, deivindicarán un 40 % do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva da praza.

4. Nos servizos de axuda no fogar que, mediando renuncia da persoa usuaria, sexan prestados por número de horas ao mes inferior as intensidades establecidas nas táboas que para estes servizos se detallan no anexo II, a participación no seu financiamento será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

Artigo 25. Servizos específicos de transporte e/ou hostaleiros

Se o servizo de atención diúrna ou nocturna comporta servizos de transporte e/ou hostaleiros, a participación da persoa usuaria no seu financiamento incrementarase, consonte o establecido para estes servizos no anexo II.

CAPÍTULO V
Aprazamentos e fraccionamentos

Artigo 26. Fraccionamento e aprazamento mediante conta corrente coa Facenda pública galega

1. Os obrigados ao pagamento que corresponda pola prestación de servizos de tracto sucesivo con execución continuada, periódica ou intermitente, incluídos na carteira aprobada no anexo I deste decreto, cando acrediten non dispor de ingresos periódicos que no cómputo mensual acaden o importe correspondente á súa participación a consecuencia de que na determinación da súa capacidade económica se tivesen en conta bens dificilmente executables e que sexan improdutivos para efectos do IRPF, poderán solicitar o fraccionamento da cantidade correspondente á súa participación no custo do servizo en dous importes e o aprazamento da fracción que responda ao impacto económico dos ditos bens na súa capacidade económica. Para estes efectos considéranse como bens dificilmente executables os bens inmoables.

2. O aprazamento instrumentarase nunha conta corrente a favor da Administración pública galega. Salvo as especialidades establecidas nos artigos 27, 28 e 29, o réxime aplicable será o establecido nas normas tributarias para os aprazamentos e fraccionamentos das débedas tributarias.



Artigo 27. Procedemento para solicitar o fraccionamento e aprazamento

1. Para os usuarios dos servizos prestados directamente pola Administración xeral da comunidade autónoma de Galicia así como polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no prazo dun mes contado desde a recepción da resolución pola que se determina a participación da persoa usuaria no custo do servizo, a súa actualización ou modificación, o obrigado ao pagamento poderá solicitar o fraccionamento e aprazamento referido no artigo 26, á persoa titular da xefatura territorial competente en materia de servizos sociais á cal se xuntará a documentación xustificativa de que cumpre os requisitos necesarios para a súa concesión, segundo o previsto no número 2 deste artigo.

2. Para solicitar o fraccionamento e aprazamento, os obrigados ao pagamento deberán presentar, xunto coa solicitude, no rexistro da xefatura territorial competente en materia de servizos sociais ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a seguinte documentación:

a) Certificado de non ter débedas coa Administración galega por ingresos de dereito público en período executivo, ou de existiren estas, que se trate de débedas que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.

b) Declaración responsable de non ter pendentes de ingreso responsabilidades civís derivadas de delito contra a Facenda pública declaradas por sentenza firme.

c) Declaración responsable de non ter renunciado ao sistema de conta corrente ou non ter sido revogado o acordo da súa inclusión no sistema de conta corrente con anterioridade.

d) Xustificante da constitución de garantía consonte co disposto no artigo 82 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

e) Declaración responsable que inclúa o compromiso de comunicar a venda ou transmisión a terceiros do inmovible que xerou o dereito ao fraccionamento e aprazamento e de entregar o resultado da venda para a minoración do saldo da conta corrente.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos ou non se xuntan os documentos citados nos puntos anteriores, o órgano competente para a tramitación do aprazamento ou



fraccionamento requirirá o solicitante para que, nun prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto ou presente os documentos coa indicación de que, de non atender o requirimento no prazo sinalado, se lles terá por desistidos da solicitude, de conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992.

4. O servizo competente en materia de equipamentos, programas ou servizos da xefatura territorial competente en materia de servizos sociais iniciará a tramitación dos expedientes por orde de entrada e instruirán de oficio cantas actuacións resulten necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá proposta de resolución. Para estes efectos poderán solicitar ou requirir os informes e/ou probas complementarias ou aclaratorias que consideren convenientes e concederá un prazo de emenda de 10 días hábiles no suposto de que a documentación presentada non estea completa.

Cando o procedemento se paralice por causa imputable ao solicitante, transcorrido o prazo de tres meses sen que a persoa requirida presente a documentación necesaria para reiniciar a tramitación, a Administración declarará a caducidade do procedemento e acordará o arquivamento das actuacións.

5. Non será preciso trámite de audiencia ao interesado, cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado, de conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

6. O servizo competente en materia de equipamentos, programas ou servizos da xefatura territorial competente en materia de servizos sociais emitirá proposta de resolución, que será motivada, e que incluírá, de ser favorable á solicitude, o detalle do fraccionamento da cantidade correspondente á participación do usuario no custo do servizo así como do importe aprazado.

7. Recibida a proposta de fraccionamento e aprazamento da participación do usuario no custo do servizo, o titular do xefatura territorial competente en materia de servizos sociais, logo das comprobacións que procedan, de ser o caso, ditará resolución motivada que, no caso de ser estimatoria da solicitude de fraccionamento e aprazamento da participación do usuario no custo do servizo, quedará supeditada ao cumprimento polo obrigado ao pagamento da realización dos pagamentos mensuais da fracción non aprazada.



8. O prazo para resolver sobre a solicitude de aprazamento e fraccionamento será de tres meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Xunto coa resolución de fraccionamento e aprazamento, será notificada unha nova liquidación para os efectos do previsto no artigo 31.1.

9. No suposto do vencemento do prazo máximo establecido sen ditarse resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga da Administración de ditar resolución expresa.

10. Contra a resolución que se dite, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante a persoa titular da consellería con competencia en materia de servizos sociais no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 28. Funcionamento de conta corrente en favor da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

1. No caso de ser concedido o fraccionamento e conseguinte aprazamento parcial da fracción, procederase á apertura dunha conta corrente en favor da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a nome do obrigado.

O importe fraccionado e aprazado será anotado na conta corrente na data de cada vencemento, consonte coa liquidación practicada no seu momento.

2. Os importes anotados na conta corrente non serán exixibles individualizadamente durante a súa vixencia, senón unicamente polo saldo que resulte tras o seu peche, que se producirá no momento en que cese a prestación do servizo social correspondente ao obrigado ao pagamento. Igualmente serán exixibles, polo importe do seu saldo ou polo produto da operación de saída en caso de ser inferior ao saldo, no momento en que o inmovible ou inmoables que motivasen o aprazamento, ou algún deles, fosen alleados ou transmitidos a terceiros polo obrigado ao pagamento.

3. En 31 de decembro de cada ano, a Administración informará o obrigado ao pagamento sobre o saldo da conta corrente.

Artigo 29. Liquidación das cantidades anotadas e peche da conta corrente en favor da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

1. O 31 de decembro de cada ano ou o día no que se produza algunha das circunstancias previstas no presente artigo, liquidaranse os xuros de mora correspondentes ás



cantidades anotadas na conta corrente. A liquidación será notificada ao obrigado ao pagamento e anotarase o correspondente importe na conta corrente. Os xuros de mora que se anotasen na conta non xerarán xuros de mora sobre si.

2. No momento en que se produza o cesamento da prestación do servizo, a Administración procederá a liquidar os xuros de mora pendentes, notificando a liquidación ao obrigado ao pagamento e anotando o importe correspondente na conta corrente. Ao mesmo tempo, notificarase o importe total debido e xuntaráselle carta de pagamento para ingresar o saldo total da conta, que deberá ser ingresado nos prazos sinalados na normativa xeral de aplicación, segundo a data de notificación. Realizado o ingreso, a Administración aplicará a cantidade pagada polo obrigado ás cantidades anotadas por orde de antigüidade e tendo en conta os xuros de mora xerados por cada unha delas. No caso de que non se fixer efectiva a débeda no prazo de ingreso en voluntaria ou de que tras o ingreso persista saldo na conta, exixirase o saldo pendente polo procedemento de constrinximento. Unha vez anotado o ingreso correspondente ou, de ser o caso, notificada a providencia de constrinximento, a Administración procederá pechar a conta corrente.

3. No caso de que o inmovible ou inmovibles que determinasen o fraccionamento e aprazamento ou parte deles fosen alleados ou transmitidos a terceiros, a Administración procederá a liquidar, de ser o caso, os xuros de mora pendentes. A liquidación será notificada ao obrigado ao pagamento e anotarase o correspondente importe na conta corrente. Ao mesmo tempo, notificaráselle, segundo proceda, o peche da conta ou a liquidación parcial dela e xuntaráselle carta de pagamento polo saldo total da conta ou polo importe obtido pola operación de alleamento ou transmisión, de ser inferior. O importe deberá ser ingresado nos prazos sinalados na normativa xeral de aplicación, segundo a notificación. Realizado o ingreso, a Administración aplicará a cantidade pagada polo obrigado ás cantidades anotadas por orde de antigüidade e tendo en conta os xuros de mora xerados por cada unha delas. A cantidade non ingresada no prazo voluntario será exixida polo procedemento de constrinximento. Unha vez anotado o ingreso correspondente ou, de ser o caso, notificada a providencia de constrinximento, a Administración procederá a pechar a conta corrente, salvo que se tratase dunha liquidación parcial. Neste último caso, a Administración aplicará a cantidade pagada polo obrigado ou, de ser o caso, a exixida polo procedemento de constrinximento, ás cantidades anotadas por orde de antigüidade e tendo en conta os xuros de mora xerados por cada unha delas. Os xuros de mora que se anotasen na conta e subsistisen tras a liquidación parcial non xerarán xuros de mora sobre si. En todo caso, a execución da débeda non se levará a cabo sobre a vivenda habitual, nos casos en que teñan a súa vivenda habitual as persoas e cos requisitos a que se refire o artigo 21.

CVE-DOG: vyhnhf3-gl3-kyq3-lip4-pzggnceosmu7



4. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, o obrigado ao pagamento poderá solicitar en calquera momento a liquidación parcial do saldo da conta corrente, comunicando a cantidade que pretende facer efectiva. A Administración procederá a liquidar, de ser o caso, os xuros de mora pendentes. A liquidación será notificada ao obrigado ao pagamento e anotarase o correspondente importe na conta corrente. Ao mesmo tempo, xuntaráselle carta de pagamento polo importe solicitado por el. Realizado o ingreso, a Administración aplicará a cantidade pagada polo obrigado ás cantidades anotadas por orde de antigüidade e tendo en conta os xuros de mora xerados por cada unha delas. Os xuros de mora que se anotasen na conta e subsistisen tras a liquidación non xerarán xuros de mora sobre si.

5. No caso de que o obrigado ao pagamento solicítase a liquidación do saldo e, de ser o caso, o peche da conta corrente, a Administración liquidará os xuros de mora pendentes. A liquidación será notificada ao obrigado ao pagamento e anotarase o correspondente importe na conta corrente. Ao mesmo tempo, xuntaráselle unha única carta de pagamento para ingresar o saldo total da conta. Realizado o ingreso, a Administración aplicará a cantidade pagada polo obrigado ás cantidades anotadas por orde de antigüidade e tendo en conta os xuros de mora xerados por cada unha delas. Unha vez anotado o ingreso correspondente, a Administración, de ser o caso, procederá a pechar a conta corrente.

CAPÍTULO VI

Aplicación dos prezos públicos

Artigo 30. Liquidación da participación económica no custo dos servizos de prestación puntual ou de tracto único

1. Sen prexuízo do previsto na alínea a) do artigo 10, terán a consideración de servizos de prestación puntual ou de tracto único os servizos de prevención das situacións de dependencia e os de promoción da autonomía persoal agás a modalidade regular do servizo de transporte adaptado e asistido e a carteira do asistente persoal.

2. Con carácter xeral, o pagamento dos prezos públicos que correspondan polos servizos de prestación puntual ou de tracto único serán efectuados polo obrigado ao pagamento mediante autoliquidación, segundo o modelo e na forma e prazos determinados mediante orde da consellería competente en materia de facenda.

3. Sempre que o importe fose determinable no momento da solicitude de prestación do servizo, o obrigado ao pagamento xuntará á solicitude da prestación do servizo o xustifi-



cante de ter realizado o ingreso correspondente e mais a documentación que fose pertinente para xustificar a bonificación aplicada no cálculo do seu importe.

4. Cando o importe a ingresar non fose determinable no momento da solicitude de prestación do servizo, o interesado poderá presentar a solicitude da prestación do servizo xunto coa documentación pertinente para xustificar a bonificación que se aplicará no cálculo do seu importe. O órgano prestador do servizo, con anterioridade á prestación del, unha vez comprobada a documentación presentada, informará o interesado da forma, lugar e prazos así como da cantidade que ten que ingresar con anterioridade á prestación do servizo, e a forma de xustificar o ingreso realizado. Xustificado o ingreso, prestarase o servizo demandado.

5. Os órganos xestores deberán verificar e comprobar as autoliquidacións presentadas, así como a documentación achegada polo interesado, e practicar, se for procedente, a correspondente liquidación.

6. Cando non sexa necesario efectuar solicitude previa á prestación do servizo ou cando non se puidese determinar o importe con carácter previo á prestación do servizo, o órgano xestor prestará o servizo e liquidará o prezo público que corresponda.

A liquidación deberá ser notificada ao obrigado ao pagamento consonte coas normas xerais establecidas no Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos vinte primeiros días correspondentes a cada mes natural ingresarase o importe que corresponda polos servizos prestados no mes natural anterior.

Transcorrido o período voluntario de ingreso sen que se pagase a obriga, a recadación efectuarase coercitivamente, mediante o procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento.

Artigo 31. *Liquidación da participación económica no custo dos servizos de tracto sucesivo, con execución continuada, periódica ou intermitente*

1. Xunto coa resolución do programa individual de atención, o servizo xestor notificaralle a liquidación dos importes periódicos que deberá ingresar o obrigado ao pagamento dos servizos de tracto sucesivo, con execución continuada, periódica ou intermitente in-



cluídos na carteira aprobada no anexo I deste decreto. A liquidación conterá os seguintes elementos:

- a) Identificación do órgano que presta o servizo.
 - b) Identificación do debedor.
 - c) Natureza do ingreso e normativa de aplicación.
 - d) Elementos que configuran a débeda e cantidade periódica que se debe ingresar, sen prexuízo do disposto punto 2 do artigo 12 do presente decreto.
 - e) Se é o caso, a cantidade periódica aprazada consonte co procedemento disposto no artigo 27.
 - f) A circunstancia de se o importe será obxecto de actualización anual ou non; se o importe fose obxecto de actualización, o índice, método ou forma de actualización e a data en que terá efectos.
 - g) Forma, lugar e prazos en que deberá facerse efectivo o ingreso.
 - h) Os medios de impugnación que procedan, indicando os prazos e os órganos ante os que se poidan interpoñer.
2. Cando concorra calquera circunstancia que determine a modificación dos importes calculados na liquidación a que se refiren o punto 1 deste artigo, que non responda á actualización anual, ou ao suposto previsto no punto 2 do artigo 12 do presente decreto, deberase notificar en forma ao obrigado ao pagamento a liquidación consonte co sinalado no punto 1.
3. Nos vinte primeiros días correspondentes a cada mes natural ingresarse o importe que corresponda polos servizos prestados no mes natural anterior.
4. Transcorrido o período voluntario de ingreso sen que se pague a obriga, a recadación efectuarase coercitivamente, mediante o procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento.
5. Os obrigados ao pagamento poderán domiciliar os pagamentos correspondentes de conformidade co disposto na orde da consellería competente en materia de facenda.



Disposición adicional primeira. *Compatibilidade e intensidade dos servizos*

A compatibilidade e intensidade dos servizos regulados neste decreto serán as que en cada caso se determine, atendendo á regulación establecida na Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Disposición adicional segunda. *Cálculo da capacidade económica para a determinación das contías das libranzas*

Para o cálculo da capacidade económica para os efectos de determinar a contía das libranzas do Sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma, seguirase o disposto no capítulo II do título III deste decreto. No suposto de que sexa de aplicación a regra do artigo 22.2 deste decreto para a valoración da vivenda habitual, a referencia ás «persoas usuarias do servizo de atención residencial» entenderase feita ás «persoas que reciben a prestación económica vinculada ao servizo de atención residencial».

Disposición adicional terceira. *Aplicación das regras contidas no presente decreto*

Mentres a Administración xeral do Estado non determine regulamentariamente as regras para valorar a capacidade económica da persoa usuaria e a súa participación no financiamento do custo dos servizos, aplicaranse as regras contidas no presente decreto.

Disposición adicional cuarta. *Servizo de axuda no fogar*

Para os efectos do establecido no artigo 23 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, segundo a redacción dada pola Lei 17/2012, de orzamentos xerais do Estado para 2013, excepcionalmente e de forma xustificada, as atencións de carácter doméstico e as de carácter persoal que integran calquera das modalidades do servizo de axuda no fogar reguladas neste decreto, poderán prestarse separadamente, cando así se dispoña no Programa individual de atención. A administración competente deberá motivar esta excepción na resolución de concesión da prestación e, en todo caso, o contido particular das atencións que



se lle prestarán á persoa beneficiaria deberán quedar reflectidas no acordo de servizo coa entidade prestadora, tal como establece o artigo 14.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Disposición transitoria primeira. *Correspondencias económicas dos servizos que se están prestando na actualidade*

Mentres non se produza a adaptación a este decreto dos servizos que se están a prestar no momento da súa entrada en vigor, por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou de xeito indirecto, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecida na normativa reguladora dos contratos do sector público así como o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para os efectos de establecer a participación económica da persoa usuaria no seu custo, aplicaranse as táboas de participación no financiamento que se indican a continuación:

1. Os servizos de atención en residencia e atención en centro de día que, no momento da entrada en vigor desta norma, se dirixen a persoas maiores, aplicarán a participación no financiamento correspondente aos servizos comúns de atención residencial e atención diúrna, nas súas modalidades básicas.

2. O servizo de atención en centro de día que, no momento da entrada en vigor desta norma, se dirixe a persoas con alzhéimer, aplicará a participación no financiamento correspondente ao servizo específico de alzhéimer, na súa modalidade básica.

3. Os servizos de atención en residencia, atención en centro de día e atención en centro ocupacional que, no momento da entrada en vigor desta norma, se dirixen a persoas con discapacidade intelectual, aplicarán a participación no financiamento correspondente aos servizos específicos residencial modalidade terapéutica, atención diúrna modalidade terapéutica e atención diúrna modalidade ocupacional respectivamente, para persoas deste colectivo.

4. Os servizos de atención en residencia, atención en centro de día e atención en centro ocupacional que, no momento da entrada en vigor desta norma, se dirixen a persoas con dano cerebral, aplicarán a participación no financiamento correspondente aos servizos específicos residencial, atención diúrna modalidade básica e atención diúrna modalidade ocupacional para persoas deste colectivo.

CVE-DOG: vyhnhf3-gl3-kyq3-lip4-pzggnceosmu7



5. Os servizos de atención en residencia, atención en centro de día e atención en centro ocupacional que, no momento da entrada en vigor desta norma, se dirixen a persoas con parálise cerebral, aplicarán a participación no financiamento correspondente aos servizos específicos residencial modalidade básica, atención diúrna modalidade básica e atención diúrna modalidade ocupacional para persoas deste colectivo.

6. Os servizos de atención en residencial, atención en centro de día e atención en centro ocupacional que, no momento da entrada en vigor desta norma, se dirixen a persoas con autismo, aplicarán a participación no financiamento correspondente aos servizos específicos residencial modalidade terapéutica, atención diúrna modalidade terapéutica e atención diúrna modalidade ocupacional para persoas deste colectivo.

7. Os servizos de atención en centro de día e atención en centro ocupacional que, no momento da entrada en vigor desta norma, se dirixen a persoas con discapacidade física, aplicarán as achegas ao financiamento correspondentes aos servizos de atención diúrna e atención diúrna modalidade ocupacional para persoas deste colectivo.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación ás normas contidas no presente decreto*

1. Establécese o prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor deste decreto, para determinar, consonte as regras contidas na presente norma, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que na data de publicación deste decreto xa contaran con resolución de programa individual de atención e determinación da súa participación no custo dos servizos dos cales fose usuaria, de conformidade co disposto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010. Este prazo será prorrogado por seis meses no suposto de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

2. Durante este período, as persoas usuarias dos servizos de tracto sucesivo con execución continuada, periódica ou intermitente prestados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia aboarán as cantidades que procedan por aplicación dos prezos regulados no Decreto 123/1985, do 2 de maio, polo que se fixan os prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Os usuarios de servizos de prestación puntual ou tracto único prestados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aboarán os importes previstos para cada un deles na presente norma. No caso das persoas usuarias dos servizos dispensados indirectamente pola Administración, aboarán as contías que ve-



ñan establecidas na relación contractual que a Administración teña subscrita coa entidade prestadora dos servizos consonte o establecido nos correspondentes pregos contractuais así como no texto refundido polo que se aproba a Lei de contratos do sector público. No caso das persoas usuarias dos servizos dispensados pola Administración local, aboarán as contías que veñan establecidas na correspondente ordenanza municipal. As cantidades aboadas polos usuarios dos servizos dispensados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar neste período, terán a consideración de entregas á conta da liquidación definitiva que se efectuará unha vez determinada a capacidade económica da persoa usuaria, consonte os seguintes prazos.

a) No prazo dos tres meses seguintes á entrada en vigor da presente norma, o órgano competente solicitará dos usuarios dos que non se determinase a súa capacidade económica a documentación requirida no artigo 17, que sexa necesaria para a determinación da capacidade económica, concedendo para tales efectos o prazo de tres meses para a súa formalización, agás no suposto de que este autorizase ao órgano tramitador para que estes datos poidan ser solicitados directamente no seu nome.

b) No prazo dos seis meses seguintes a que expirase o anterior prazo, o órgano competente, determinará a capacidade económica da persoa usuaria e para o caso dos servizos dispensados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar notificaralle dunha banda a liquidación dos importes periódicos a ingresar, consonte o establecido no artigo 31 do presente decreto e doutra a liquidación correspondente as diferenzas existentes entre as contías deivindicadas desde a entrada en vigor da presente norma e as contías aboadas pola persoa usuaria dos servizos no mesmo período, que para estes efectos terán a consideración de cantidades obxecto de regularización. Sempre que a documentación necesaria para a determinación da capacidade económica fose presentada nos prazos establecidos nesta disposición transitoria, a Administración sexa autorizada para o acceso aos datos tributarios correspondentes ou para o caso de incumprimento do prazo de presentación, este non fose debido a causas imputables ao obrigado, non se devindicarán xuros de mora sobre as cantidades obxecto de regularización.

Para as persoas usuarias dos servizos prestados indirectamente pola Administración, aplicarase o disposto no instrumento que regule a relación contractual entre a Administración e a entidade prestadora dos servizos. Para a Administración local aplicarase o que regulen as correspondentes ordenanzas municipais.

CVE-DOG: vyhnhf3-gl3-kyq3-lip4-pzggnceosmu7



Excepcionalmente durante este período, para os servizos prestados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a persoa usuaria poderá solicitar o réxime de aprazamentos e fraccionamentos, previsto no artigo 26 do presente decreto, para os importes liquidados en concepto de cantidades obxecto de regularización. No suposto de que o resultado da regularización fose negativo, os importes ingresados á conta da liquidación definitiva, serán obxecto de reintegro.

c) No caso de persoas usuarias de servizos prestados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou polo Consorcio Galego e Servizos de Igualdade e Benestar así como para o caso dos servizos prestados indirectamente por estas ou prestados a través das entidades locais, será responsabilidade da persoa que exerza a dirección do centro ou a coordinación do servizo de axuda no fogar a colaboración coa respectiva xefatura territorial no proceso de actualización e determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

Disposición transitoria terceira. *Requisitos materiais, funcionais e de persoal para a autorización dos servizos*

Ata a entrada en vigor da regulación dos requisitos materiais, funcionais ou de persoal precisos para a autorización dos servizos, que se dite en desenvolvemento deste decreto, será de aplicación a normativa actualmente en vigor constituída pola Orde do 18 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, a Orde do 18 de agosto de 2000 pola que se aproba o Estatuto básico de centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Especificamente, no que atinxe aos servizos dirixidos a persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, serán de aplicación os artigos 6, 7 e 8 do Decreto 19/2008, do 7 de febreiro, polo que se crea á Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, así como a Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social para persoas que padecen alzhéimer e outras demencias.



Disposición derogatoria única. *Derogación de determinados preceptos en materia de servizos sociais*

Este decreto derroga calquera outra norma de igual ou inferior rango que se opoña a esta, en particular:

Un. Os números I, II e III da extinta Dirección Xeral de Seguridade Social e Servizos Sociais correspondentes ao anexo 3 do Decreto 123/1985, do 2 de maio, polo que se fixan os prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria terceira.

Dous. Os artigos 52, 53 e 54.1.2.4 da Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 9, do 13 de xaneiro).

Tres. Quedan derogados os artigos 6, 7 e 8 do Decreto 19/2008, do 7 de febreiro, polo que se crea a Rede galega de centros de día de atención social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento*

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento, queda modificado como segue:

Un. O artigo 14.2 queda redactado do seguinte modo:

2. O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións e servizos de carácter complementario:

a) Actividades de acompañamento, socialización, e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produ-



to, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

c) Adaptacións funcionais do fogar.

d) Servizo de podoloxía.

e) Servizo de fisioterapia.

Dous. O artigo 59 queda redactado do seguinte modo:

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Tres. O artigo 61 queda redactado do seguinte modo:

1. Cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %



Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

2. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90 % do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

4. No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 deste decreto, para os efectos facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarán a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %



% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*

O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

2. A solicitude considerará a autorización da persoa solicitante e, de ser o caso, dos seus conviventes, para que a xefatura territorial da consellería competente en materia de servizos sociais realice as consultas aos arquivos públicos que consten en poder das distintas administracións públicas para os efectos de obter ou verificar os datos declarados sobre a situación económica; neste caso non deberán achegar documentación xustificativa neste sentido.



Dous. Os números 4 e 5 do artigo 47 quedan redactados do seguinte modo:

4. A xustificación realizarase mediante os seguintes documentos:

a) Declaración responsable de que se mantiveron os requisitos, cuberta polo interesado ou o seu representante, no modelo que figura como anexo IV.

b) Certificación acreditativa expedida polo prestador do servizo no modelo establecido como anexo V.

c) Duplicado orixinal das facturas que emitiu a entidade prestadora do servizo nos últimos catro meses, así como do pagamento efectivo destas. Para estes efectos, considerárase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola persoa usuaria ou o seu representante.

5. De ser o caso, e se a persoa usuaria presta expresamente o seu consentimento, a achega da certificación acreditativa expedida polo prestador e o duplicado orixinal das facturas, así como do pagamento efectivo destas, poderá ser remitido pola entidade prestadora.

Tres. Os números 4 e 5 do artigo 49 quedan redactados do seguinte modo:

4. A xustificación realizarase mediante os seguintes documentos:

a) Declaración responsable de que se mantiveron os requisitos, subscrita polo interesado ou o seu representante, no modelo que figura como anexo VII, e declaración responsable do pagamento por asistencia persoal conforme o anexo VIII.

b) Certificado da Seguridade Social que acredite que o asistente persoal continúa reunindo as condicións de afiliación, alta e cotización á Seguridade Social.

c) Duplicado do orixinal das facturas emitidas, cando o coidador sexa autónomo ou estea contratado a través dunha empresa dedicada a este obxecto, así coma do pagamento efectivo destas. Para estes efectos, considerárase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola persoa usuaria ou o seu representante.

CVE-DOG: vyhnhf3-glx3-kyq3-lip4-pzggnceosmu7



5. De ser o caso, e se a persoa usuaria presta expresamente o seu consentimento, a achega do duplicado orixinal das facturas, así como do pagamento efectivo destas, poderá ser remitido pola entidade prestadora.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*

O artigo 51 da Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes queda modificado como segue:

1. A capacidade económica persoal da persoa usuaria terase en conta para determinar o importe da libranza.

2. A capacidade económica das persoas beneficiarias das libranzas calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II, do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. No suposto de que sexa de aplicación a regra do artigo 22.2 desta norma para a valoración da vivenda habitual, a referencia ás «persoas usuarias do servizo residencial» substituirase por «persoas usuarias que reciben a prestación económica vinculada ao servizo de atención residencial».

3. Na determinación da renda e do patrimonio teranse en conta as valoracións correspondentes ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vence na data de presentación da solicitude. Non obstante, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio en que se presente a solicitude.



4. A xefatura territorial da consellería competente en materia de servizos sociais poderá comprobar as alteracións ou variacións que afecten a capacidade económica da persoa usuaria.

5. En calquera caso, non se considerarán como diminución da capacidade económica aquelas transmisións patrimoniais a título oneroso ou gratuito con posterioridade á data de presentación da solicitude.

Disposición derradeira cuarta. *Adaptación das ordenanzas municipais*

As corporacións locais disporán dun prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste decreto, para a adaptación das súas ordenanzas ao disposto na presente norma.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación competencial*

Facúltanse as persoas titulares das consellerías competentes en materia de servizos sociais e facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente norma no relativo á organización e materias propias dos seus departamentos.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o primeiro día do segundo mes inmediatamente seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de setembro de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CVE-DOG: vyhnhf3-gl3-kyq3-lip4-pzggneeo7



ANEXO I
Carteira de servizos

I. Para efectos de identificación dos servizos, establécese a seguinte codificación da carteira.

II. Serán susceptibles de autorización e acreditación independente, consonte o establecido no artigo 6, os niveis de desagregación dos servizos para os cales se establezan regras de participación económica.

III. Codificación da carteira de servizos:

01 Carteira de servizos comúns.

0101 Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.

- 010101 Área de información, valoración, seguimento e orientación.
- 01010101 Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación.
- 01010102 Servizo de información, orientación e formación a familiares.
- 010102 Área do coidador.
- 01010201 Servizo de información, orientación, formación, apoio persoal e emocional, e asesoramento.
- 01010202 Servizo de respiro familiar a través da axuda no fogar.
- 01010203 Servizo de respiro familiar a través da atención diúrna.
- 01010204 Servizo de respiro familiar a través da atención nocturna.
- 01010205 Servizo de respiro familiar a través da atención residencial.
- 010103 Servizo de atención temperá (0-6 anos).
- 010104 Servizo de accesibilidade universal.
- 010105 Área de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional.
- 01010501 Apoio ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria.
- 01010502 Rehabilitación funcional.



- 01010503 Fisioterapia.
- 01010504 Outras terapias alternativas.
- 01010505 Logopedia.
- 01010506 Terapia ocupacional.
- 01010507 Estimulación cognitiva.
- 01010508 Estimulación sensorial.
- 01010509 Atención psicomotriz.
- 01010510 Atención psicolóxica.
- 01010511 Atención neuropsicolóxica.
- 01010512 Atención psiquiátrica.
- 01010513 Rehabilitación psicosocial.
- 01010514 Atención pedagóxica.
- 01010515 Préstamo de produtos de apoio (axudas técnicas).
- 01010516 Podoloxía.
- 010106 Servizo de actividades e programas.
- 01010601 Actividades de ocio e tempo libre.
- 01010602 Xantar na casa.
- 01010603 Lavandaría a domicilio.
- 010107 Supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais.
- 010108 Área de habilitación psicosocial.
- 01010801 Deseño de estratexias psicoeducativas.
- 01010802 Apoio á vida independente.



- 01010803 Servizo de acompañamento e intérpretes.
- 01010804 Fomento e promoción da inclusión social.
- 01010805 Adestramento de habilidades persoais e sociais.
- 01010806 Fomento do autocoidado físico.
- 010109 Área de apoio para o desenvolvemento profesional e social para persoas dependentes en idade laboral.
- 01010901 Formación prelaboral ().
- 01010902 Formación ocupacional.
- 01010903 Formación práctico-laboral.
- 01010904 Emprego con apoio.
- 010110 Servizo de transporte adaptado e asistido.

0102 Servizo de axuda no fogar.

- 010201 Atencións de carácter persoal e doméstico na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.
- 010202 Atencións e actividades desenvolvidas fóra do domicilio da persoa usuaria, sempre que incidan de xeito significativo na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida. Servizo de carácter opcional.
- 010203 Préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Servizo de carácter opcional.
- 010204 Asesoramento para as adaptacións funcionais do fogar (produtos de apoio). Servizo de carácter opcional.
- 010205 Servizo de podoloxía a domicilio. Servizo de carácter opcional.
- 010206 Servizo de fisioterapia a domicilio. Servizo de carácter opcional.



0103 Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes con discapacidade auditiva.

- 010301 Atencions de carácter persoal e doméstico na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.
- 010302 Atencions e actividades desenvolvidas fóra do domicilio da persoa usuaria, sempre que incidan de xeito significativo na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida. Servizo de carácter opcional.
- 010303 Préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Servizo de carácter opcional.
- 010304 Asesoramento para as adaptacións funcionais do fogar (produtos de apoio). Servizo de carácter opcional.
- 010305 Servizo de podoloxía a domicilio. Servizo de carácter opcional.
- 010306 Servizo de fisioterapia a domicilio. Servizo de carácter opcional.

0104 Servizo de teleasistencia e xeolocalización.

- 010401 Teleasistencia básica e avanzada.
- 010402 Xeolocalización. Servizo de carácter opcional.

0105 Servizos de atención diúrna.

- 010501 Servizo de atención diúrna de estadía completa.
- 010502 Servizo de atención diúrna de media estadía.
- 010503 Servizo de atención diúrna terapéutica.
- 010504 Atención diúrna terapéutica de media estadía.

0106 Servizos de atención residencial e atención nocturna.

- 010601 Servizo de atención residencial.
- 010602 Servizo de atención residencial terapéutica.
- 010603 Servizo de atención nocturna.



02 Carteira de servizos específicos.**0201 Carteira de servizos para persoas dependentes con alzhéimer.**

- 020101 Servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal para persoas dependentes con alzhéimer.
- 02010101 Servizo de prevención da dependencia específico de alzhéimer ou outras demencias.
- 02010102 Servizo específico de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer e outras demencias.
- 020102 Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes con alzhéimer.
- 02010201 Atencións de carácter persoal e doméstico na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.
- 02010202 Atencións e actividades desenvolvidas fóra do domicilio da persoa usuaria, sempre que incidan de xeito significativo na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida. Servizo de carácter opcional.
- 02010203 Préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Servizo de carácter opcional.
- 02010204 Asesoramento para as adaptacións funcionais do fogar (produtos de apoio). Servizo de carácter opcional.
- 02010205 Servizo de podoloxía a domicilio. Servizo de carácter opcional.
- 02010206 Servizo de fisioterapia a domicilio. Servizo de carácter opcional.
- 020103 Servizo de atención diúrna terapéutica.
- 020104 Servizo de atención diúrna terapéutica de media estadía.
- 020105 Servizo de atención diúrna.
- 020106 Servizo de atención diúrna de media estadía.



020107 Servizo de atención nocturna.

020108 Servizo de atención residencial terapéutica.

020109 Servizo de atención residencial.

0202 Carteira de servizos para persoas dependentes con discapacidade física.

